

## Convocatoria para a participación na Noite Europea das Persoas Investigadoras de 2021. Accións 24 de setembro.

### 1. Introducción

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) publica esta convocatoria para a participación do persoal investigador nas actividades relacionadas coa European Researchers' Night (101035979-G-NIGHT).

A Noite Europea das Persoas Investigadoras é unha acción de comunicación social da ciencia promovido pola Comisión Europea dende 2005 dentro das accións Marie Skłodowska-Curie do programa Horizonte 2020. Celébrase de maneira simultánea en cidades de toda Europa e neste ano será o 24 de setembro.

A Universidade de Vigo lidera a iniciativa en Galicia, co seguinte consorcio:

Universidade de Vigo  
Universidade de A Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Centro Oceanográfico de Vigo (antes IEO, agora parte do CSIC)  
Instituto de Investigacións Mariñas e Delegación do CSIC en Galicia a través da súa Unidade de Cultura Científica  
CESGA, Centro de Supercomputación de Galicia  
Gradiant, Centro Tecnolóxico das Telecomunicacións de Galicia  
INIBIC, Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña  
SEBBM, Sociedad Española de Bioquímica y Biología Molecular

As cidades galegas nas que se celebrarán actividades serán Vigo, Ourense, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol e Lugo. Tamén se celebrarán actividades e modalidade virtual.

### 2. Convocatoria

A presente convocatoria propón a participación de persoal investigador e técnico da Universidade de Vigo nas actividades do 24 de setembro, data da European Researchers' Night.

Estas accións terán múltiples formatos, que se detallarán a continuación. Os contidos poden ser de calquera ámbito de coñecemento e deben encaixar nalgunha das seguintes categorías:

- a) Que significa investigar

- A figura da persoa investigadora (perfis das persoas investigadoras, muller e ciencia, gustos persoais, por que se escolleu a carreira investigadora... testemuñas e compartir gustos e afeccións... humanizar e achegar)
  - O día a día: que fago no laboratorio/nas saídas de campo e como é a miña rutina
- b) De grandes ideas a feitos
- Investigación e innovación, como se fai a ciencia, como chega á industria e exemplos
  - Como a ciencia impacta nas nosas vidas
- c) Investigando e innovando cara un mundo máis verde / Investigando e innovando para o presente e para o futuro
- Coñecendo Galicia: medio natural, ameazas e riscos, cambio climático e loita contra o mesmo, impacto na saúde do entorno (experiencias, coñecemento e presentación de proxectos)
  - Innovación en todos os campos cara un mesmo obxectivo: uso eficiente dos recursos, economía limpa e circular; transportes públicos e privados máis limpos...
  - Que solucións estamos aplicando xa e nos ofrece a ciencia e/ou tecnoloxía
  - O papel da cidadanía: que di a ciencia que podemos facer nós (actividades de concienciación, información ao respecto, a nosa pegada de carbono, consumo responsable etc.)
- d) Europa e a ciencia
- Programas e colaboración entre países. Exemplos, investigadores Marie Curie, etc.
  - Presentación de proxectos e investigación con fondos europeos

De entre as propostas recibidas farase unha selección pola Vicerreitoría de Investigación e a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais a través da UCC+i.

### 3. Presentación de propostas e prazos

As propostas sobre as actividades recollidas na táboa seguinte serán enviadas a través deste formulario:

[https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/7868](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/7868)

A data límite de presentación de propostas é o vindeiro **16 de xuño de 2021 ás 23.59 h.**

**ACTIVIDADES\***

HORARIO MATUTINO					
ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	DETALLES	Nº de ACTIVIDADES	ORZAMENTO*
Charlas con escolares	Online	Horario a demanda do centro	Charlas online con centros escolares. Concertadas con aulas concretas	Sen límite	-
Charlas con escolares	Centros escolares. Provincia de Pontevedra e Ourense	Horario a demanda do centro	Charlas en centros escolares (condicionado pola pandemia).	3	O proxecto cubre as dietas do persoal desprazado.
Obradoiro con escolares	Online	Horario a demanda	Obradoiro con experimentos guiados online	2-3 en función do custo das propostas presentadas	O proxecto cubre o material para o obradoiro e o envío previo do mesmo.
Obradoiro con escolares	Centros escolares. Provincia de Pontevedra e Ourense	Horario a demanda	Obradoiro presencial na aula.	2-3 en función do custo das propostas presentadas	O proxecto cubre o material para o obradoiros e as dietas do persoal.

\*As actividades teñen un límite orzamentario. O reparto dentro de cada actividade variará en función das propostas recibidas.

HORARIO VESPERTINO					
ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	DETALLES	Nº de ACTIVIDADES	ORZAMENTO*
Programa de charlas breves	Online, streaming	19-20.30h (horario aproximado provisional)	Charlas de 10 minutos, divulgativas de sobre temas variados. Pre-gravado e emitido en falso directo. Público mozo e adulto	8-10 charlas	-
Ciencia no bar	Ourense Pontevedra Vigo	Horario por definir	Charlas en bares. O público será convidado a unha consumición (será necesario inscrición previa). 1 programa por cidade: propónse que sexa de 3-4 charlas de máximo 20 minutos. 1 vacante de presentador/presentadora por programa. Público mozo e adulto.	3	-
Paseos Científicos	Ourense Pontevedra Vigo	Horario por definir	Paseos ou roteiros guiados por puntos das cidades ou da contorna con interese científico ou que sirvan como excusa para contar coñecemento científico. Público familiar, mozo e adulto.	3	O proxecto prevé o deseño e impresión de folletos con información relacionada (non promocionais) para o público asistente.
Experimento en remoto para familias	Online	Horario por concretar	Experimento en remoto con envío previo de materiais. Para público familiar.	1	Máximo 500€ para materiais e envíos.

Programa de charlas no centro da cidade	Vigo, lugar por determinar (auditorio)	Hora por determinar entre as 19 e 22h	Programa de charlas cun descanso intermedio. Público mozo e adulto.	6-10 charlas segundo propostas recibidas	-
Expo-feira científica	Vigo, na rúa, lugar por determinar	Hora por determinar entre as 19 e 22h	Charlas ou obradoiros a pé de rúa, cunha montaxe tipo expo-feira de ciencia. Público mozo e familiar.	6 postos (10 en total, compartido con outras institucións)	O proxecto cubrirá os custos de execución da actividade.
European Corner	Por determinar	Por determinar	Charlas ou conferencias sobre proxectos europeos. Para comunicar coñecementos ou resultados, programas etc. Público familiar, mozo e adulto.	Por determinar	-
Proposta libre	Por determinar	Por determinar	Propón outra actividade	Por determinar	-